



Bo día familias,

Ante todo espero que esteades todos e todas ben, e

que este tempo que nos tocou estar separados pase o

máis rápido posible.

Como xa vos indicamos onte aínda non sabemos

cando se procederá á reapertura da aula (esperamos

que sexa pronto), polo que mentres tanto irei

propoñendo unha serie de actividades para que os

vos@s fill@s poidan facer na casa. Entendo que

moitos pais e nais teredes que traballar e resultará

difícil levalas a cabo porque non estades cos vosos fillos

ou non tendes os materiais... Non vos preocupedes

por iso, se non podedes xa recuperaremos o tempo á

volta.

Farei unha proposta para sete días na que

incluirei traballos de grafo-motricidade, léxico-

matemáticas, lecto-escritura e un pequeno avance do

proxecto para este trimestre. ( Ver documento

Actividades)

Por último

dicirvos unha vez

máis que espero ver

pronto os vosos fillos e

fillas e que moito

ánimo.

Apertas,

María .

